

BASES OPERARIOS/AS SERVIZOS MULTIPLES

OBXECTO: contratación durante 1 mes, a T/P de 47 persoas como operarios/as de servizos múltiples para tarefas de mantemento, conservación de espazos públicos e limpeza a tempo parcial.

A convocatoria publicarase no Taboleiro municipal de anuncios e na Páxina Web.

Requisitos:

Maior de 16 anos.

Desempregados/as inscritos/as no S.P.E.

Non padecer defecto que impida o normal desenvolvemento dos traballos .

Titulación requirida: Estudos primarios.

Presentación de instancias: Poderán presentarse nas oficinas municipais ou a través da Sede Electrónica. O prazo para elo rematará o día 12 de xuño de 2017, ás 14 horas para a presentación nas oficinas e ás 24 horas para a presentación telemática.

Ás instancias adxuntaránse DNI, copia da tarxeta de desemprego.

Selección:

A selección levarase a cabo ás 10 horas, do día 15 de xuño de 2017, no Instituto de ESO de Muxía e consistirá en:

- Constestación a cuestionario de preguntas tipo test relacionadas co Temario do Anexo. Valorarase de 0 a 5 p.
- Valoración dos seguintes méritos: Posuír carnet de conducir: 0.5 p

O órgano seleccionador estará formado exclusivamente por persoal funcionario do concello.

A relación de persoas seleccionadas publicárase no Taboleiro de anuncios e na Páxina WEB.

ANEXO TEMARIO

- Persoal ao servizo da Administración: Tipos de persoal. Dereitos e Deberes.
- O termo municipal de Muxía: lugares de interese, situación, límites xeográficos, etc.
- Nocións básicas sobre seguridade e hixiene no traballo.
- Nocións sobre manexo de útiles, ferramentas e materiais de uso común por un/ha operario/a de S.M.

-

BASES SELECCIÓN AUXILIARES BIBLIOTECA

OBXECTO: Contratación durante un mes, T/P de 9 auxiliares para Biblioteca Municipal.

REQUISITOS:

Maior de 16 anos.

Desempregados/as inscritos/as no S.P.E.

Non padecer defecto que impida o normal desenvolvemento dos traballos .

Titulación requirida: ESO ou titulación equivalente.

Presentación de instancias: Poderán presentarse nas oficinas municipais ou a través da Sede Electrónica. O prazo para elo rematará o día 12 de xuño de 2017, ás 14 horas para a presentación nas oficinas e ás 24 horas para a presentación telemática.

Ás instancias adxuntaránse DNI, copia da tarxeta de desemprego e xustificantes dos méritos alegados.

Selección:

A selección levarase a cabo ás 10 horas, do día 15 de xuño de 2017, no Edificio de Servizos Múltiples Municipal e consistirá en:

- Constatación a cuestionario de preguntas tipo test relacionadas co Temario do Anexo. Valorarase de 0 a 5 p.
- Valoración dos seguintes méritos:

* Posuír titulación superior á mínima requirida, sempre que esté relacionada ca materia obxecto do contrato: 1 punto `por titulación de grado o licenciatura.

0,5 p por titulación de diplomatura

0,25 por titulación de bacharelato ou Técnico Superior.

- Coñecementos acreditados doutro idioma europeo: Só será vaída a acreditación deste apartado por título Oficial de universidade ou Escola Oficial de Idiomas.
- Valorarase da seguinte maneira:

Acreditación de Intermedio: ata 0.30p

Acreditación de Avanzado: ata 0.60p

No caso de ter ambas acreditacións, só será valorada á de maior titulación.

ANEXO TEMARIO:

- Persoal ao servizo da Administración: Tipos de persoal. Dereitos e Deberes.
- O término municipal de Muxía: lugares de interese, situación, límites xeográficos, actividade cultural etc.
- A biblioteca municipal de Muxía: prestación do servizo, fondos, actividades.
- Nocións sobre historia do libro e das bibliotecas.
- Breves nocións sobre informática básica e idiomas (inglés ou francés a elixir polo aspirante).